

RISCOS DERIVADOS DO USO DE FERRAMENTAS MANUAIS

- Golpes e cortes.
- Lesións oculares por partículas provenientes dos obxectos que se traballan ou da propia ferramenta.
- Golpes no corpo por despido da propia ferramenta ou do material traballado.
- Escordaduras por esforzos ou xestos violentos

NORMAS BÁSICAS PARA A PREVENCIÓN DOS RISCOS

- ✓ Utilizar ferramentas apropiadas en cada traballo.
- ✓ Conserva-las ferramentas en boas condicións de uso (afiado, estado do mango, etc).
- ✓ Levar as ferramentas de forma segura, empregando cintos porta-ferramentas, caixas de ferramentas.
- ✓ Gardar as ferramentas ordenadas e limpas en lugar seguro (non as deixar polo chan ou apoiadas en calquera superficie).

✓ **Cando se traballe con martelos prestarase atención a:**

- As superficies dos mangos de madeira estarán limpas, sen vernizar e adaptaranse ben á man.
- O mango dos martelos estará encaixado correctamente na cabeza. Non empregar cuñas improvisadas (puntas, etc) para o seu acuñaemento.
- Evitar o uso de martelos con rebarbas na cabeza.

✓ **En canto ao uso de chaves inglesas, terase en conta o seguinte:**

- As queixadas das chaves deben adaptarse á cabeza do perno ou parafuso.
- Utilizaranse sempre perpendicularmente ao eixe do parafuso.
- Colocarase de tal forma que a mandíbula fixa estea no lado oposto á dirección do movemento que se efectúa.
- Non utilizar prolongacións das chaves, como tubos, outras chaves, etc.
- Tirar sempre da chave, non a empurrar.
- Sempre primará a utilización dunha chave fixa á chave “inglesa”.

✓ **Para o uso de desaparafusadores terase en conta que:**

- O chafrán do fío dos desaparafusadores estarán ben perfilados para a súa boa adaptación ás ranhuras dos parafusos. Retirar aqueles defectuosos.
- Os desaparafusadores non se empregarán para outros usos (como pancas, como cicel, para perforar, etc.).
- Non aparafusar ou desaparafusar suxeitando a peza coa palma da man.

NORMAS BÁSICAS PARA A PREVENCIÓN DOS RISCOS

✓ **Para traballar con serras manuais asegurarse que:**

- As follas das serras para metais estarán ben tensadas.
- Conservar as serras ben afiadas. Non serrar con demasiada forza xa que a folla se pode dobrar ou partir.
- O corte comezará movendo a serra cara a si mesmo, guiando a folla co polgar ata que empece a cortar, de seguido retirar o polgar.
- Gardar as serras en fundas para non deteriorar os dentes. Unha vez realizada a operación enfundala; non a deixar sobre o chan ou sobre outras superficies.

✓ **No uso de alicates terase en conta o seguinte:**

- Manter as mandíbulas limpas e ben afiadas.
- Non as utilizar como martelo ou chave de porcas.
- Cando se utilicen para traballos eléctricos haberá que illar os mangos.

✓ **Para o uso de tenaces vixiarase que:**

- Só se usen para arrancar cravos e para cortar arames ou pezas metálicas de sección e resistencia media.
- Non as empregar para suxeitar ou soste pezas sometidas a esforzos que poidan provocar proxeccións violentas, xa que non aseguran unha boa suxeición.
- Non as utilizar como martelos.

✓ **Durante o uso de coitelos vixiarase que:**

- Posúan mangos que impidan que a man esvare sobre a folla.
- Dispor dos mesmos ben afiados.
- Cando se transporten estes irán en fundas.
- Non os deixar tirados polo chan, enriba dos equipos ou en situacións en que poidan provocar un accidente.

✓ **No traballo con limas atenderase a:**

- Sempre terán o seu correspondente mango que debe ter unha abrazadeira metálica. A lima debe introducirse o suficiente no mango e debe estar ben recta con respecto a el.
- Prohibido utilizar a lima para golpear.
- As limas deben estar limpas de limaduras e graxas.

PROTECCIONS COLECTIVAS

- ✓ Manter as distancias entre os operarios.

PROTECCIONS INDIVIDUAIS

- ✓ Luvas de seguridade.
- ✓ Botas de seguridade con punteira reforzada.
- ✓ Gafas de protección antiproxeccións.